

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES MUGARDOS
CURSO: 1º BACHARELATO
MATERIA: ECONOMÍA
DEPARTAMENTO: ECONOMÍA
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (1ª e 2ª avaliación)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.
B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.	ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.
	ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos.
B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.1.1. Expressa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.
B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo.	ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.
	ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.
B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.	ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional.
B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade.	ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.
	ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.
B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.	ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.
B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos.	ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos.
B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables.	ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados.
B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados.	ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas.

2. Avaliación e cualificación							
Avaliación	Procedementos: Produción de traballos Tests, cuestionarios, vídeos de avaliación (Edpuzzle) Comentarios e reflexións						
	Instrumentos: Rúbrica de produción de traballo Test de autoavaliación Rúbrica de comentario						
Cualificación final	PORCENTAXE NA NOTA FINAL						
	<table border="1" style="width: 100%;"> <tr> <td style="width: 30%;">1.^a avaliación</td> <td style="text-align: center;">50%</td> </tr> <tr> <td>2.^a avaliación</td> <td style="text-align: center;">50%</td> </tr> <tr> <td>3.^a avaliación</td> <td style="text-align: center;"> posibilidade de incremento da cualificación final ata 1 punto e posibilidade de recuperar a 1.^a e/ou 2.^a avaliación </td> </tr> </table>	1. ^a avaliación	50%	2. ^a avaliación	50%	3. ^a avaliación	posibilidade de incremento da cualificación final ata 1 punto e posibilidade de recuperar a 1. ^a e/ou 2. ^a avaliación
	1. ^a avaliación	50%					
	2. ^a avaliación	50%					
3. ^a avaliación	posibilidade de incremento da cualificación final ata 1 punto e posibilidade de recuperar a 1. ^a e/ou 2. ^a avaliación						
Proba extraordinaria de setembro	<p>Consistirá na entrega dunhas tarefas que se deberán realizar durante os meses de verán. A valoración dese traballo dun xeito positivo garantirá o aprobado en setembro.</p> <p>Ademais, e de xeito voluntario, poderá presentarse á proba extraordinaria que estará referida na súa totalidade aos criterios de avaliación e competencias imprescindibles desenvolvidos ao longo das dúas primeiras avaliacións.</p>						
Alumnado de materia pendente (alumnado que debe superar a materia por cambio de opción)	Criterios de avaliación: O referente serán os mínimos establecidos na programación de 1º de Bacharelato.						
	Criterios de cualificación: A primeira parte da materia pendente xa quedou avaliada a finais do 1º trimestre.						

en 2º BAC)	<p>Para a segunda parte o 50% da nota provirá do traballo escrito realizado (material xa proporcionado a principios de curso) e o outro 50% dos cuestionarios contestados.</p> <p>A nota final calcularase como a media aritmética das dúas partes en que se dividiu a materia.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Traballo escrito con cuestións imprescindibles da materia de 1º.</p> <p>Cuestionarios tipo tests sobre os distintos temas.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Lecturas e comentarios de noticias de actualidade relacionadas coa materia, cuestionarios tipo test con preguntas de resposta múltiple ou de resposta aberta, lectura e comprensión de información a través de preguntas guiadas, visionado de vídeos e/ou películas con preguntas guiadas durante a visualización (no caso dos vídeos) para traballar elementos clave.</p> <p>Realización de fichas de reforzo dos estándares de aprendizaxe seleccionados.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Utilización prioritaria de Google Classroom que xa se viña utilizando como complemento da actividade lectiva presencial.</p> <p>As tarefas tratarán fundamentalmente cuestión consideradas imprescindibles; as explicación serán moito máis detalladas así como a retroalimentación no momento da corrección.</p> <p>Facilitaranse as consultas do alumnado en horario aberto mediante chat, correo electrónico, comentarios privados/públicos nas actividades de Classroom.</p> <p>Realización de videoconferencia cando se precise para salientar aspectos clave.</p> <p>Non detectamos ningún caso de alumnos/as sen conectividade.</p>
Materiais e recursos	<p>Materiais de apoio publicados nas aula virtual de Google Classroom, apuntes proporcionados por profesor, presentacións, vídeos, enlaces a páxinas web relevantes...</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Tanto a través da plataforma Google Classroom como a través das titorías faremos chegar ao alumnado e ás familias os cambios introducidos na programación.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro e na correspondente aula virtual de Google Classroom.